

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 10 DE NOVEMBRO DE 2023

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio.

#### **Vicedecano e Coordinador de calidade**

Presedo Garazo, Antonio.

#### **Vicedecana e Representante da Administradora**

Arribas Álvarez, Carmen.

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### **Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

#### **Colaboradora de Calidade**

María López Díaz

#### **Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e**

#### **Protección do Patrimonio Cultural**

Fermín Pérez Losada

#### **Enlace de Igualdade**

Comendador Rey, Beatriz

#### **Representantes PDI**

Yolanda Barriocanal López

Campos Álvarez, Xosé Ramón

#### **Representante PAS**

Josefa Rodríguez Bouzas

#### **Representante da Sociedade**

Rosa M<sup>a</sup> Díaz Naya

### DESCULPAN AUSENCIA

#### **Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade**

Susana Reboreda Morillo

#### **Representante estudiantado**

Lucía Domínguez Carrera

A comisión realizase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 10 de novembro de 2023, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, da Declaración de interese para Modificación do título de Grao en Xeografía e Historia para a súa implantación no curso 2025/2026.
4. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
  - a. R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2022/2023).
  - b. R3-DO0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2022/2023).
  - c. R1 e R2-DO202 P1. Promoción das titulacións (Plan de promoción correspondente ao curso 2023-2024 e Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2022-2023).
5. Incorporación á Comisión de Calidade de D. Carlos Lozano González como representante dos/as egresados/as en substitución de D. Francisco Borja Campos Seijo.
6. Asuntos de urxencia.
8. Rolda de intervencións.

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

O decano expón unha cuestión de orde, a retirada do punto 3 da orde do día, considerando que non é preciso e incluso convinte a súa validación na Comisión de Calidade. Acórdase por asentimento a retirada de dito punto.

## **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de xullo de 2023.**

O prof. Antonio Presedo comenta a existencia dalgúns erros de carácter tipográfico ou relacionados coa corrección automática na Acta.

Coas correccións sinaladas, aprobase a Acta por asentimento.

## **2. Informe do presidente.**

En primeiro lugar, comenta que xa hai data para a reunión coa comisión encargada da renovación da acreditación do Sistema Interno de Calidade, que quedou fixada para o vindeiro 21 de novembro. Agarda que todo resulte positivo, despois do traballo realizado nos últimos 21 meses.

A continuación comenta que, finalmente se chegou -no quinto chamamento- a 55 novas matrículas no Grao de Xeografía e Historia e 8 no PCEO (dos que nos computan catro). Engade que só cabe felicitarnos polos números, aínda que insiste en ser realistas e ter presentes as ameazas cara o futuro para seguir traballando de ano en ano.

En terceiro lugar, e en relación coa retirada do punto 3. da orde do día, comenta que como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 822/21 polo que se establece a organización das ensinanzas Universitarias e o procedemento de garantía do Sistema de Calidade, temos que realizar o que se denomina unha modificación non substancial na Memoria do Título. Isto ven derivado de que na nova Lei, o noso título queda adscrito ao Ámbito de Historia, Arqueoloxía, Xeografía, Filosofía e Humanidades. Algo establecido por lei e co que moitos non estaremos de acordo, entre outras cousas porque supón que a Historia da Arte, un elemento moi importante do noso grao, pasa a estar adscrito a un novo ámbito que se chama Historia da Arte e da Expresión Artística e Belas Artes, Algo que non se entende se o que se pretende e fomentar a interdisciplinabilidade, xa que neste caso se separan dous ámbitos moi ben conectados, e se nos relaciona con outros cos que temos menos relación. Feita a consulta sobre a posibilidade de adscribir un Título a dous ámbitos, a resposta por parte do Vicerreitor foi negativa e así é no ámbito de todo o Estado. Comenta así mesmo que este proceso

tamén afectará ao Mestrado de Patrimonio, que terá que facer os cambios oportunos; un proceso que ten que instar a Comisión Académica do propio mestrado.

A prof.<sup>a</sup> Yolanda Barriocanal sinala que hai que distinguir dúas cousas, por unha banda os Ámbitos de Coñecemento, que son os que substitúen ao concepto de Áreas de Coñecemento, algo que só afecta para perfilar as prazas de profesorado, aos concursos de acceso, o que é responsabilidade do Departamento. Por outra, os Campos de Estudo, aos que teñen que adscribirse os títulos de Grao e Mestrado; isto si que vai afectar moito, aínda que o tempo de implementación é longo -catro anos-, xa que a Universidade ou a Facultade terán que indicar a que campo de estudio se adscribe a Historia da Arte e terá que recollese na Memoria. Afecta porque dos 240 créditos que se ofertan no noso plan de estudos, 60 van pasar á formación básica, dos que a metade son para o campo de estudo ao que se adscribe e o resto para outras materias afíns, o resultado é unha importante perda de créditos. Sinala o decano que entende que todo vai ir na dirección sinalada pola prof.<sup>a</sup> Yolanda Barriocanal, pero que, de momento, non nos obrigan a cambiar a Memoria do Título. Indica a prof.<sup>a</sup> Yolanda Barriocanal que para completar o proceso hai un período transitorio de catro anos.

Para o decano, a situación da Historia da Arte é algo difícil de comprender e non entende como os interesados non fixeron presión para cambiar isto; entende que o fondo da cuestión está en que se implantaron moitos títulos específicos de Historia da Arte e, en cambio, son moi poucos os que quedan como títulos xeneralistas. Para a prof.<sup>a</sup> Yolanda Barriocanal as materias de Historia da Arte quedarán como complementarias das competencias e coñecementos do Grao, pero coa entrada das materias propias do campo de estudo, a Historia da Arte quedará bastante limitada.

A prof.<sup>a</sup> Beatriz Vaquero considera que estes cambios supoñen un retroceso. Para o decano crearán moitos problemas xa que algo tan xenérico como “humanidades” permitirá que distintos departamentos soliciten materias, polo que será necesario buscar subterfuxios. O panorama é complexo e temos que agardar para ver como evoluciona.

### **3. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:**

Toma a palabra o Vicedecano Antonio Presedo.

#### **a. R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2022/2023).**

Trátase dun informe no que queda constancia de todas as actividades propias que se desenvolven dende o Centro, encamiñadas á mellora da satisfacción tanto dos/as integrantes da súa comunidade coma dos/as que cursan as súas titulacións.

#### **b. R3-D00201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2022/2023).**

Indica o Vicedecano que os informes chegaron perfectamente en tempo e forma

tanto por parte do Grao como por parte do Mestrado.

**c. R1 e R2-D0202 P1. Promoción das titulacións (Plan de promoción correspondente ao curso 2023-2024 e Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2022-2023).**

Comenta o Vicedecano que se trata do Plan de promoción do presente curso, xunto co informe de seguimento do curso pasado. Segundo a Axenda elaborada pola Área de Calidade da UVigo, esta vez coincide a elaboración e aprobación de ambos os dous rexistros.

Os informes son validados por asentimento.

**4. Incorporación á Comisión de Calidade de D. Carlos Lozano González como representante dos/as egresados/as en substitución de D. Francisco Borja Campos Seijo.**

Comenta o decano que, cada curso, se teñen que renovar as comisións ou ben validalas. No caso de Borja Campos Seijo, xa leva tempo colaborando coa Comisión de Calidade, primeiro como representante da sociedade e, despois, como representante de egresados/as sen poder asistir ás últimas xuntanzas. Pide que conste en Acta o agradecemento pola súa colaboración e esforzo.

Así mesmo, dá a benvida de Carlos Lozano González como novo membro da Comisión.

**5. Asuntos de urxencia.**

Non constan.

**8. Rolda de intervencións.**

Non se producen.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.30 horas do día 10 de novembro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro